

**MATERIAL
PRA
CATEQUISTA**

**DEUS
DÁ-NOS
UNHA NOVA
VIDA**

**QUEREMOS
VIVIR,
MEDRAR**



P P C
✚

Tema 1.- Deus é vida e amor

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Lemos no libro páxina 4 o apartado ollos abertos. Completamos os cadrados grandes escribindo das nosas ledicias e das nosas tristuras. Falamos sobre o que se nos pregunta no último exercicio da páxina 4.
- 4.- Lemos no libro páxina 5 o apartado mirada penetrante. E facemos na ficha o exercicio que se propón.
- 5.- Lemos no libro páx 5 e 6 o apartado oídos atentos, e completamos na ficha os textos que faltan.
- 6.- Lemos no libro na páxina 7 o apartado memoria esperta. Completamos os textos que faltan e explicamos as respostas. Non fai falla escribir todo o texto pois o que máis interesa é que se comprenda e mesmo poden escribir un resume.
- 7.- Para facer a páxina 8 falamos de que as persoas sempre intentamos ser felices. En cada parte do corpo terán que respostar a como iso nos axuda a ser felices (por exemplo os pes axúdannos a ser felices cando camiñamos para acompañar a un amigo que está triste). Así facemos con todas as partes do corpo: son as mans, o corazón, os oídos, os ollos, os pes, a cabeza, as cousas que temos no bolsillo e a boca). Comprobamos o que puña o libro de cada unha destas partes. (Olo porque hai unha quen non coincide porque no libro fala da alma e nós falamos das cousas que temos no bolsillo).
- 8.- No caderno escribimos:
O máis importante que aprendín é que:
 - 1 *Eu, igual que todas as persoas, quero ser feliz,*
 - 2 *Deus é bo, e é feliz cando nós facemos ben.*
 - 3 *Deus é Pai, e nós podemos alegrarlle o corazón*
 - 4 *A Igrexa invítanos a loitar pola felicidade nosa e dos demais,*
 - 5 *Temos un corpo bo para amar.*

Tema 2.- O home, imaxe de Deus

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Lemos no libro páxina 10 o apartado ollos abertos. Completamos na ficha na páxina 10 os textos que faltan. Facemos na ficha o exercicio que se nos propón escribindo sobre a quen nos parecemos e en que nos parecemos.
- 4.- Lemos no libro páxina 10 o apartado mirada penetrante, e escribimos na ficha as cualidades das que se fala, pero non as imos copiar tal e como están, senón que imos escribilas según o orden de importancia que teñen para nós.
- 5.- Lemos no libro na páxina 11 e 12 o apartado oídos atentos. Completamos na ficha os textos que nos faltan. (Pode ser resumindo cada frese que falta)
Completamos na ficha o exercicio de verdadeiro e falso, e pómolas en común.
- 6.- Lemos no libro na páxina 12 o apartado memoria esperta, completamos os textos que faltan nas tres preguntas (non fai falla copiar ao pe da letra, podemos resumir as respostas que faltan).
- 7.- Lemos no libro na páxina 13 o apartado mans activas, e facemos o exercicio que se nos propón e despois correxímolo.
- 8.- No caderno escribimos:
O máis importante que aprendín é que:
(copiamos o punto 4 do apartado oídos atentos que temos na libro na páxina 12).

Tema 3.- Deus colma de bens ao seu pobo

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- No apartado ollos abertos facemos a lista que se nos propón, pondo despois en común o que cada un foi anotando como cousa importante na súa vida.
- 4.- Facemos o exercicio de valorar de 1 a 5 os aspectos importantes da vida. Contestamos dialogando as preguntas
- 5.- No apartado mirada penetrante mirando polo libro cubrimos os textos que nos faltan nos cadros (copiando ou resumindo).
- 6.- Traballamos o apartado oídos atentos lendo e completando os textos que faltan (copiando ou resumindo). Imos descubrindo os regalos de Deus. Ao final do apartado facemos o exercicio dos debuxos.
- 7.- Traballamos o apartado memoria esperta e contestamos ás dúas preguntas facendo un resume da resposta que temos no libro.
- 8.- Traballamos o apartado mans activas e facemos o exercicio que se nos propón despois de lermos cómo son os distintos personaxes.
- 9.- No caderno escribimos:
O máis importante que aprendín é que:
Deus ao pobo escolleito e a nós regálanos: a vida, o sermos un pobo, a liberdade, a terra na que vivimos, as cousas, os mandamentos, a paz, a promesa da vida para sempre, e a promesa do Salvador.
- 10.- Lemos a oración que nos ven na páxina 21 do libro intentando ver nela os dons e os regalos que Deus nos fai cada día.

Tema 4.- Deus guía ao seu pobo por medio da lei de Moisés

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- No apartado ollos abertos facemos a lista que se nos propón. Podemos axudarnos cos exemplos que nos pon o libro na páxina 32.
- 4.- Tamén contestamos na ficha ás dúas preguntas que nos veñen no final do apartado ollos abertos.
- 5.- Traballamos o apartado mirada penetrante, e completamos o cadro cos datos que nos faltan podendo resumir.
- 6.- Unha persoa vai lendo polo libro o apartado oídos atentos e os demais van lendo pola ficha, e cada vez que falten frases párase de ler e cópiase na ficha. (a frase que temos no apartado 2 do libro na páxina 24 “E agora ... prescribo hoxe” pódese resumir escribindo “Deus quere que o pobo viva seguindo os mandamentos”).
Facemos o mesmo coa frase que temos no apartado 4 “Non pensedes ... perfeccionala” e escribimos “Xesús ensina que vale a pena vivir os 10 mandamentos”.
- 7.- Facemos o exercicio que di “repassa o anterior e contesta a estas preguntas sinxelas”.
- 8.- No apartado memoria esperta contestamos ás preguntas que nos veñen na ficha (na primeira copiamos os mandamentos, e nas outras catro resumimos “os mandamentos serven para vivir en paz e xustiza entre as persoas”, “Xesús ensínanos que vale a pena cumprir os mandamentos”, “A conciencia é algo que dentro de nós nos di o que está ben e o que está mal”, “Deus e Xesús coa súa vida axúdannos a formar a conciencia”).
- 9.- Facemos o exercicio da mans activas completando os textos que nos faltan (son as 10 cousas máis importantes que temos na ficha solta). Pomos número ás palabras (o correcto é: blasfemia 2, asasinato 5, tortura 6, roubo 7, calumnia 8, violación 6, droga 6, aborto 5, envexa 10, mentira 8)

Tema 5.- Deus fálalle a o seu pobo por medio dos profetas

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- No apartado ollos abertos facemos a lista que se nos propón pondo exemplos de os mellores consellos que nos dan algunhas persoas.
- 4.- No apartado mirada penetrante escribimos no orden de importancia que nos lle damos ás actitudes que temos que ter ante as persoas que nos dan consellos. Contestamos tamén as dúas preguntas que temos ao final do apartado.
- 5.- Traballamos o apartado oídos atentos completando o que falta. Máis que copiar intentamos resumir.
- 6.- Facemos o exercicio de buscar a mellor frase para “educa, corrixe, ensina” completando o exercicio que se nos propón no final do apartado oídos atentos.
- 7.- Facemos o exercicio que nos propón a ficha para o apartado memoria esperta pondo as respostas no lugar axeitado.
- 8.- No apartado mans activas temos dous exercicios. Para o primeiro imos necesitar as fichas e unir con frechas (non podemos deixar que miren polo libro porque aí están as respostas correctas). Cando xa teñan feito o exercicio miramos polo libro e corriximos o que sexa necesario corrixir.
- 9.- Facemos o derradeiro exercicio escribindo cómo actúa un verdadeiro profeta, unha boa persoa, ante cada unha das catro situacións que nos aparecen.
- 10.- 9.- No caderno escribimos:
O máis importante que aprendín neste tema é que:
(Rezamos lendo a oración que temos na páxina 33, e escribimos un dos agradecementos a Deus que temos na oración servíndonos de resume)

Tema 6.- Deus educa ao seu pobo por medio dos sabios

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- No apartado ollos abertos facemos o exercicio que se nos propón.
- 4.- Lemos o apartado mirada penetrante e no espazo “por exemplo” escribimos o nome de alguén que viva así. Logo dicimos aos compañeiros a quén puxemos e porqué.
- 5.- No apartado oídos atentos imos completando os textos que faltan, e ao final contestamos ás dúas preguntas que temos no apartado (a resposta está no que acabamos de ler). Unimos con frechas fixándonos en cales son as verdadeiras sabedorías.
- 6.- Axudándonos do libro contestamos ás tres preguntas que temos no apartado memoria esperta.
- 7.- No apartado mans activas temos os sete pecados capitais e as sete virtudes. Temos que ir escribíndoas intentando comprender a diferenza entre o pecado e a virtude en cada fila.
Ao final contestamos as dúas preguntas que temos no apartado mans activas.
- 8.- Rezamos a oración que temos na páxina 39 do libro. Vai tamén servirnos de resume do tema, por iso imos escribir no caderno a oración.

Tema 7.- Deus envía ao seu Fillo para que teñamos vida

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- No apartado ollos abertos lemos a historia “unha visita a un pobo descoñecido”. Na ficha contestamos as dúas preguntas que nos veñen no final da páxina explicando porqué.
- 4.- Lemos o apartado “mirada penetrante” e contestamos á pregunta ¿Cómo nos portamos nós ante elas?. Dicimos logo o que cada un contestou.
- 5.- Traballamos o apartado “oídos atentos” e imos completando o que falta na ficha (resumindo e non copiando todo).
Fixámonos en que no punto 1 nos fala do que di Deus Pai de Xesús, no segundo punto fala do que di Xesús de si mesmo, e no terceiro punto fala do que algunhas persoas din de Xesús.
- 6.- No final do apartado oídos atentos temos que completar unhas frases. As respostas están no libro no apartado oídos atentos que acabamos de traballar.
- 7.- Contestamos as tres preguntas que temos no apartado memoria esperta.
- 8.- Traballamos o apartado “mans activas”. Son catro persoas que na vida se atoparon con Xesús. Temos que averiguar si o acolleron ou non, e se o acolleron temos que por en que se notou. Podemos suliñar as palabras que en cada persoaxe nos demostran que estaban acollendo a Xesús na súa vida.
- 9.- No caderno escribimos:
O máis importante que aprendín neste tema é que: Xesús ven a nós para salvarnos, para amosarnos que Deus Pai nos ama e para ser o noso irmán.

(Rezamos lendo a oración que temos na páxina 45)

Tema 8.- Xesús danos unha vida nova

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Escribimos no caderno “Todos necesitamos coidar a nosa vida. Fago estas cousas para coidarme: (escriben seis cousas que fan para coidarse, por exemplo ir ao médico, comer de todo, ...).
Despois van dicindo o que fan para coidarse e os compañeiros escriben no seu caderno se iso que o compañeiro di eles non o tiñan posto.
- 4.- Lemos no libro o apartado ollos abertos e sulñamos as cousas que ahí aparecen e das que nos xa escribimos no caderno (iso dirá se fixemos ben ou mal o exercicio). Despois facemos o exercicio que nos propón. Estas poden ser as respostas (lemos cada unha e eles van escribindo onde pensan que é correcto
 - o noso corpo necesita de alimentos variados carne, peixe, verduras
 - necesitamos non só alimentar o corpo, tamén temos que axudar a nosa intelixencia
 - necesitamos repartir as actividades diarias: exercicio, estudo, descanso
 - podemos acabar enfermos por querer estar cada día máis delgados
 - cando estamos enfermos e non queremos facer caso ao médico
 - cando só queremos comer hamburguesas e cocacola
 - cando non nos preocupamos nin de limpar a casa
 - cando non nos aseamos o suficiente
- 5.- Facemos os dous exercicios que se nos propón no apartado mirada penetrante, e logo pomos en común as nosas opinións.
- 6.- Completamos resumindo os textos que faltan no apartado oídos atentos e facemos o exercicio de completar as palabras que faltan.
- 7.- Facemos un resume nas tres preguntas do apartado memoria esperta.
- 8.- Rematamos o tema facendo os traballos que se nos propoñen no apartado mans activas da ficha na páxina 4. (non se lles deixa ver polo libro, e so despois de ter rematado o exercicio comprobamos co libro se o que eles puxeron na ficha está ou non correcto).
- 9.- Como resume do tema lemos entre todos a oración da páxina 51 do libro.

Tema 9.- Xesús chámanos a ser discípulos seus

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Na ficha, no apartado ollos abertos debaixo da foto escribimos “O meu mellor mestre foi ... escriben o nome do mestre.
Facemos na ficha o exercicio de escribir algunhas cousas polas que recordamos aos mestres (miramos polo libro páx 52 e escribímolas no orde de importancia que lle damos nós). Pomos en común as nosas respostas.
Contestamos na ficha ás dúas preguntas que temos no final da páxina e logo dicimos as respostas que puxemos.
- 4.- Mirando polo libro facemos na ficha o exercicio de Quen é bo mestre? (escribimos as 6 respostas que son correctas). Pomos en común.
Facemos o exercicio de Bo alumno que temos na ficha. Contestamos tamén as na ficha as tres últimas preguntas do apartado mirada penetrante.
- 5.- Completamos os textos que faltan na ficha no apartado oídos atentos. Facemos na ficha o exercicio que nos propón no final do apartado oídos atentos escribindo dúas cousas que fixeron a Xesús un bo Mestre, e outras dúas cousas que digan que os discípulos foron uns bos alumnos.
- 6.- No apartado memoria esperta contestamos as dúas preguntas que temos na ficha.
- 7.- No apartado mans activas (e sen deixarlles copiar polo libro) fan o exercicio de escribir unha frase con cada unha das letras da palabra discípulo. (a frase ten que dicir cousas que fan de nós un bo discípulo (por exemplo na letra “d” podemos escribir “dedicarei tempo cada día para rezarlle a Xesús”). Despois poñen en común as cousas que foron escribindo con cada letra. Logo comprobamos que propuña o libro para cada letra.
- 8.- Facemos lendo o exercicio que nos propón o libro na páxina 57 (colocando as palabras “bo, sabio, sincero e santo no lugar axeitado, e facemos o mesmo con discípulo fiel, admirador entusiasta, seguidor incondicional, amigo íntimo).
- 9.- De resume do tema escribimos no caderno unha frase das oito que acabamos de ler no libro na páxina 57.

Tema 10.- Xesús proclama o mandamento do amor

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema, e engadimos a frase “amádevos uns a outros coma irmáns”.
- 3.- No libro, no apartado ollos abertos lemos a historia do príncipe triste. No caderno continuamos a historia escribindo polo menos cinco líneas, e logo lemos o que cada un inventou.
- 4.- No apartado mirada penetrante temos catro respostas e temos que valorar o que cada unha quere dicir. Facemos o exercicio que nos propón no apartado e contestamos ás preguntas. Logo pomos en común as respostas.
- 5.- No apartado oídos atentos completamos os textos que faltan nos cadrados copiando polo libro ou resumindo o que o libro nos di.
Facemos o exercicio de completar que nos propón no final do apartado oídos atentos.
- 6.- No apartado memoria esperta contestamos as dúas preguntas mirando polo libro.
- 7.- No apartado mans activas e mirando polo libro poñemos por orden de importancia para nós as obras de misericordia corporais e as espirituais. Logo pomos en común.
- 8.- Lemos a oración que temos no libro na páxina 63 fixándonos no que estamos rezando en cada frase.
- 9.- No caderno escribimos como resumo do tema a cantiga que temos no final da páxina 63 do libro. Explicamos o que a cantiga quere dicir, e relacionámola co título deste tema 10.

Tema 11.- Xesús ensínanos o camiño da felicidade

1.- Cubrimos a folla de asistencia.

2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.

3.- No libro, no apartado ollos abertos lemos o que queren estas seis persoas.

Facemos o exercicio que nos propón no final da páxina e logos pomos en común o que fomos escribindo de cada persoa.

4.- No exercicio mirada penetrante completamos os tres cadros que faltan. No caderno escribimos porqué cada un dos catro casos son persoas felices. Pomos en común as respostas.

5.- Traballamos o apartado oídos atentos completando os textos que faltan.

Cando teñamos feito iso facemos o exercicio que nos propón no final do apartado oídos atentos. É o traballo máis importante deste tema, e é bo que razoemos as respostas, mesmo podemos suliñar as frases que mellor explican a relación dos números.

6.- Lemos o apartado mans activas e contestamos no caderno ás preguntas que temos ao final do apartado. (As dúas primeiras preguntas contéstanse de cada unha das persoas das que se nos fala neste apartado de mans activas, e a terceira pregunta é para que elixan as dúas accións que lle gustaría facer a eles).

7.- Rematamos lendo a oración que ven no libro na páxina 69 no apartado corazón agradecido.

Tema 12.- Xesús pasou da morte á vida

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- No libro lemos o apartado ollos abertos e contestamos no libro co si ou non, e no caderno contestamos as dúas preguntas que temos no final do apartado.
- 4.- Lemos e facemos o que se nos propón no apartado mirada penetrante.
- 5.- Completamos os cadrados que nos faltan no apartado oídos atentos, e facemos o exercicio que se nos propón no final da páxina 2 da ficha escribindo os números. Logo pomos en común os resultados.
- 6.- Na páxina 3 da ficha continuamos o traballo de relacionar e por os números e despois pomos en común as respostas.
- 7.- Traballamos coa axuda do libro o apartado memoria esperta e contestamos as catro preguntas resumindo e lendo despois o que cada quen respostou.
- 8.- No apartado mans activas completamos os textos que nos faltan e logo unimos con frechas as palabras e as respostas dos dous apartados. Pomos en común o que cada neno foi facendo ao unir con frechas, e imos vendo con eles cales son as respostas máis axeitadas. No apartado primeiro o orden das palabras é egoísmo, ambición, arrogancia e envexa. No apartado segundo as respostas son Solidariedade (coas frases 1 e 3) Amor (coas frases 2 e 6) Humildade (coas frases 4 e 5).
- 9.- No caderno escribimos de resume a canción que temos na parte final da páxina 75 do libro no apartado corazón agradecido.

Tema 13.- Xesús envíanos o Espírito que dá a vida auténtica

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- No libro lemos o apartado ollos abertos e contestamos as preguntas, e logo pomos en común as respostas.
- 4.- Lemos o apartado mirada penetrante e na ficha facemos o exercicio que se nos propón. Logo pomos en común as opinións.
- 5.- Completamos os textos que faltan no apartado oídos atentos, e facemos o exercicio que nos propón suliñando as frases que a nós nos parece que mellor falan do debuxo ou da foto do agricultor, artista, médico e educador.
- 6.- No apartado mans activas lemos a parte que nos fala de deixarnos levar polos gustos e contestamos as dúas preguntas que se nos fan. Lemos a parte que nos fala de deixarse levar polo Espírito santo e completamos os cadrados.
- 7.- No caderno e a modo de resume escribimos as cinco cousas máis importantes nas que necesitamos mellorar (temos que escoller 5 das 12 que nos propón o libro, e escribimos 5 palabras da esquerda e as 5 frases da dereita). Ao final cada neno lerá aquilo no que necesita mellorar.
- 8.- Rematamos lendo no libro a oración que temos no apartado corazón agradecido.

Tema 14.- A Igrexa é a familia de Deus

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Na ficha, no apartado ollos abertos escribimos sete cousas importantes para sermos unha familia. Logo deixamos que vexan o que trae o libro neste apartado e que comprobén o que eles foron escribindo.
Contestamos as preguntas que temos ao final do apartado.
- 4.- Completamos o que falta no apartado mirada penetrante e contestamos no caderno as preguntas que temos ao final do apartado.
- 5.- Traballamos o apartado oídos atentos completando os textos que faltan nos cadrados, e facemos o exercicio que se nos propón no final do apartado mirando o que é verdadeiro e o que é falso. (as que son verdadeiras podemos ver en que frase do apartado oídos atentos está a resposta).
- 6.- No apartado memoria esperta non lle deixamos que vexan polo libro porque na ficha teñen catro preguntas e catro respostas tendo que por cada resposta no lugar axeitado. Corrixen eles mesmos o exercicio podendo mirar no libro cales eran as respostas axeitadas.
- 7.- Rematamos escribindo no caderno se queren ser caracois, parásitos ou abellas. Explican que queren ser e que non queren ser (explican as respostas).
- 8.- Rematamos o tema lendo a oración que ven no libro na páxina 87 no apartado corazón agradecido.

Tema 15.- A Igrexa é nosa nai

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Na ficha traballamos o apartado ollos abertos. Fixándonos nos animais completamos as frases que veñen no libro pero que faltan na ficha e explicamos o que nos queren dicir.
Tamén contestamos ás dúas preguntas que nos veñen no final do apartado.
- 4.- Facemos na ficha o apartado mirada penetrante e pomos en común as respostas.
- 5.- Na ficha completamos os textos que faltan no apartado oídos atentos e finalmente facemos o exercicio que nos propón (as frases témolas no punto 1 que nos fala de “a igrexa é a nosa nai”).
- 6.- Non lle deixamos ver polo libro e teñen que facer o exercicio que ven na ficha no apartado memoria esperta. Cando colocaron as respostas comprobamos no libro que o traballo está ben feito.
- 7.- Na ficha no apartado mans activas temos dous exercicios; no primeiro teñen que unir con frechas, e no segundo teñen que escribir cousas que eles poden facer para que na igrexa eles sexan fillos cariñosos, obedientes, ...
- 8.- Rematamos lendo a oración que temos no libro no apartado corazón agradecido. Podemos explicar o que esa oración nos quere ensinar.

Tema 16.- A Igrexa celebra a salvación de Deus ao longo do ano

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Lemos no libro o apartado ollos abertos e contestamos de palabra as preguntas que temos ao final do apartado.
- 4.- Lemos no libro o apartado mirada penetrante e contestamos de palabras as preguntas que temos ao final do apartado.
- 5.- Traballamos o apartado oídos atentos completando os textos que nos faltan. Facemos o exercicio que temos no final do punto 1 (o ano litúrxico) deste apartado oídos atentos. Pomos en común.
Agora traballamos o punto 2 (a festa da pascua). Escribimos no primeiro cadrado o texto que nos falta (son as dúas primeiras liñas que nos veñen no libro).
Escriben xoves santo, venres santo e sábado santo enriba de cada debuxo, tamén mirando polo libro escriben o que ven debaixo de cada debuxo. Unha vez escritos os seis cadradiños poñen os números correctos nos tres círculos de abaixo.
Agora traballamos o punto 3 (o domingo) e escribimos no primeiro cadrado as dúas primeiras frases. No comezo da páxina 4 da ficha completamos as cinco cousas do domingo. Cada un destes cinco números imos ter que escribilo nos círculos que temos nos debuxos que están no final da páxina 2.
Agora na ficha contestamos ao que nos pide na pregunta que temos no punto “outras festas”.
- 6.- Traballamos o apartado mans activas completando os textos que faltan. Contestamos as preguntas e facemos o que se nos propón no final do apartado mans activas.
- 7.- A xeito de resume copiamos no caderno o esquema que temos no libro no final da páxina 95, e rematamos lendo a oración que temos no libro no apartado corazón agradecido.

Tema 17.- A Igrexa comunica a vida de Deus (os sacramentos)

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.

- 3.- Lemos no libro o apartado ollos abertos e completamos as etapas da vida.

Para contestar a pregunta sobre persoas que coñecemos e que están nesas etapas o que imos facer é escribir o nome dunha persoa que está agora nesa etapa (ao lado do nome da etapa pomos o nome dunha persoa).

A segunda das preguntas imos contestala falando. A terceira pregunta imos contestala marcando con círculo as etapas que xa lles sucederon a eles.

- 4.- Facemos na ficha o apartado mirada penetrante (as palabras escondidas son amor, ánimo e apoio; e compañía, consolo e consello).

- 5.- Completamos na ficha na páxina 2 os dous textos que faltan no apartado oídos atentos.

Completamos na páxina 3 da ficha o cadro dos sacramentos, e contestamos as tres preguntas.

Ne mesmo apartado oídos atentos imos traballar o punto de “palabras e xestos dos sacramentos. Mirando polo libro completamos os textos que faltan nas dúas columnas da dereita (significado, xesto). Unha vez completados os textos facemos o exercicio que nos propón escribindo o nome dos sete sacramentos no lugar que corresponde (1º penitencia ou mellor dito perdón, 2º bautismo, 3º eucaristía, 4º confirmación, 5º unción de enfermos, 6º matrimonio, 7º orde sacerdotal).

- 6.- Facemos o exercicio que se nos propón no apartado mans activas, e pomos en común as respostas. (na fila “antes” P, X, P, E, E no apartado “en” X, P, X, E, E, E, E no apartado “despois” P, P, E, X, X)

- 7.- Resumimos o tema escribindo no caderno o nome dos sete sacramentos e a etapa da vida:

Bautismo---cando nacemos, confirmación----cando somos maiores mozos, perdón(penitencia)---cando pedimos perdón, eucaristía---cando comemos, unción de enfermos---cando estamos enfermos, orde sacerdotal---cando alguén se fai cura, matrimonio---cando nos casamos

Tema 18.- Os sacramentos da iniciación cristiá

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Lemos no libro o apartado ollos abertos e contestamos as preguntas que temos ao final do apartado.
- 4.- Lemos no libro o apartado mirada penetrante e completamos despois na ficha os textos que nos faltan, e rematamos o apartado facendo o exercicio que se nos propón ao final do apartado.
- 5.- Lemos no libro no apartado oídos atentos o punto 1 iniciación cristiá. Agora completamos na ficha os textos que faltan.
Miramos polo libro o punto 2 os sacramentos da iniciación cristiá, e completamos na ficha os textos que faltan.
Rematamos o apartado oídos atentos facendo na ficha o exercicio que se nos propón.
- 6.- Sen mirar polo libro contestamos as dúas preguntas que temos na ficha no apartado memoria esperta, e logo comprobamos as respostas que veñen no libro e valoramos que as nosas están correctas.
- 7.- Traballamos o apartado mans activas. Os puntos 1 e 2 facémolos unindo cos frechas. O punto 3 miramos polo libro e completamos.
- 8.- Resumimos o tema copiando no caderno o esquema que temos no libro na páxina 108 e que nos serve para resumir a importancia dos sacramentos da iniciación cristiá.

Tema 19.- María, nai e modelo do cristián

É un tema que hai que traballar dun xeito moi delicado pois ao mellor algún dos nenos ten aos seus pais separados ou non lle vive a súa nai.

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Lemos no libro o apartado ollos abertos e contestamos as preguntas, e logo pomos en común as respostas.
- 4.- Lemos no libro o apartado mirada penetrante e completamos na ficha os textos que nos faltan resumindo coas propias palabras.
- 5.- Lemos polo libro o punto 1 do apartado oídos atentos e logo completamos na ficha o texto que falta.
Lemos polo libro o punto 2 do apartado oídos atentos e logo escribimos na ficha os primeiros textos.
Lemos polo libro o punto 3 do apartado oídos atentos e completamos na ficha os textos que faltan nos tres cadradiños pondo o máis importante.
Lemos o punto 4 polo libro e completamos na ficha os textos que faltan.
- 6.- Lemos o punto 5 polo libro e completamos na ficha os textos que faltan, e rematamos o apartado oídos atentos contestando na ficha as frases que veñen ao final do apartado.
- 6.- Sen deixar mirar polo libro, traballan o apartado memoria esperta colocando as respostas no lugar axeitado. Hai unha pregunta que leva tres respostas.
- 7.- No apartado mans activas escribimos as tres palabras que nos propón a ficha e completamos mirando polo libro as frases que están na columna da dereita resumindo.
Contestamos as preguntas que nos veñen no final do apartado mans activas.
- 8.- Resumimos o tema copiando no caderno as frases que temos no libro na páxina 117 na columna da esquerda, trátase dunha oración moi coñecida.

Tema 20.- Deus dános a plenitude da Vida

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Lemos no libro o apartado ollos abertos e facemos na ficha o exercicio que se nos propón, e logo pomos en común as notas que nos damos e que lle damos aos demais.
- 4.- Lemos no libro o apartado mirada penetrante e completamos na ficha os textos que faltan nos cadrados, e contestamos na ficha as dúas preguntas, e pomos en común as respostas.
- 5.- Imos lendo polo libro o apartado oídos atentos e completamos na ficha os dous cadrados que temos baleiros.
Completamos o esquema que nos fala do ceo e que temos na páxina 3 da ficha.
Neste esquema temos os números 1, 2 e 3. Agora lemos as frases que veñen debaixo do esquema e ao final de cada unha hai un círculo no que temos que por o número 1, 2 ou 3 en función do que nos di o esquema. As respostas correctas son os números 1, 3, 2, 2, 3, 1, 3
Agora pasamos a traballar o punto 2 “unha promesa acollida en liberdade” completando o textos que nos faltan mirando polo libro. Completamos tamén as dúas frases.
No punto 3 “Deus quere que todos nos salvemos” completamos os dous cadrados que están baleiros.
- 6.- Lemos no libro o apartado mans activas, e completamos na ficha as catro actitudes que faltan (fe en Xesús, amor aos irmáns, alegría e vixilancia).
Lemos con atención as tres situacións que nos veñen na parte final do apartado mans activas e escribimos a actitude que lle recomendamos a cada unha desas persoas (a Miguel recomendamos fe en Xesús, a Sonia recomendamos vixilancia, e a Andrés recomendamos amor aos irmáns).
- 7.- Rematamos o tema lendo a oración que temos no libro no apartado corazón agradecido na páxina 123. No caderno copian a oración coñecida que temos nesa mesma páxina 123.

CATEQUESE DE REPASO AO TRABALLADO NO CURSO

Para esta final imos repasar todo o que estivemos traballando.

- 0.- Cubrimos a ficha de asistencia.
- 1.- Miramos no libro ou nas fichas os temas que demos traballado, copiamos os títulos dos temas nunha folla en branco do caderno.
- 2.- Miramos no caderno e nas fichas se traballamos eses temas, pois é posible que algúns non viñéramos. Imos anotando na mesma páxina do caderno os títulos dos temas que non fixemos.
- 3.- Na ficha de asistencia contamos cantas veces viñemos á catequese e pomos o dato no caderno. Pomos tamén o número de veces que faltamos á catequese.
- 4.- Tomamos algo xuntos e despedimos catequese ata o vindeiro curso.